

## Poema 1

KEVIN RODRÍGUEZ DÍAZ

Unha pregunta viaxa contigo no tren,  
Chea de pasado como a choiva,  
Rutinaria como as chispas,  
Aletargada como as moscas.

E a miña voz non che pesa.  
Lémbrote ao tocarte  
Nas cordas azules do violín  
En voces  
Que se transformarán noutros nomes,  
Nos ocos dos recordos cando viaxo  
E me vexo ante o mar,  
Esperando como o mar,  
Tentando atraparte como o mar.

Un gusano de luz desmiúzame o peito,  
E eu saco a pasear os perros da miña boca.  
Nas bibliotecas de todas as posibilidades,  
Alí te espero, no centro das farolas  
Que son como rochas polas que pasa a miña galera.

A neve aparecerá entre as horas,  
E clavarase nas sombras como a aprendiz do desexo,  
Eu enganhareime co outono,  
Un río de fragmentos,  
Un río de  
“cando tes prisa e saes antes ca min,  
A casa échese de futuro  
E idade, de peles colgantes  
Ás que se agarra a xuventude desesperada”

No other hour but this.  
No other hour but this.  
As bágoas de lama adheríanse aos teus pés.  
No other hour but this.

Unha pregunta viaxa contigo,  
Chea de pasado como a choiva,  
Rutinaria como as chispas,  
Quedándose ata o final  
Como as moscas.